

The background features an abstract graphic design with three blue circles of varying sizes and two thin blue lines. One line starts from the top left and passes through the top-left edge of the largest circle. Another line starts from the top left and passes through the top-left edge of the medium-sized circle. A third line starts from the top right and passes through the top-right edge of the largest circle. The largest circle is at the top center, the medium one is below it and to the right, and the smallest one is at the bottom right.

# Lingua galega e literatura

Programación curso escolar 2018-2019

CPI Tino Grandío - Guntín

**Carlos Vázquez García**  
**22/10/2018**

<b>1.- INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>2. CONTEXTUALIZACIÓN .....</b>	<b>5</b>
2.1. CONTEXTO DO CENTRO.....	5
2.1.1. Características do centro .....	5
2.1.2. Características do alumnado .....	6
<b>3.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....</b>	<b>6</b>
3.1. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA .....	6
3.2. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA .....	6
3.3. COMPETENCIA NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN DIXITAL.....	6
3.4. COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ.....	7
3.5. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER .....	7
3.6. COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL .....	7
3.7. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO .....	7
3.8. COMPETENCIA MATEMÁTICA .....	7
<b>4. CONCRECIÓN DOS OBOECTIVOS POR CURSO.....</b>	<b>7</b>
4.1. 1º ESO .....	7
4.2. 2º ESO .....	8
4.3. 3º ESO.....	9
4.4. 4º ESO .....	10
<b>5. MÍNIMOS DE PROMOCIÓN.....</b>	<b>11</b>
5.1. O QUE DEBO SABER AO FINALIZAR O 1º CURSO DE ESO .....	11
5.2. O QUE DEBO SABER AO FINALIZAR O 2º CURSO DE ESO .....	12
5.3. O QUE DEBO SABER AO FINALIZAR O 3º CURSO DE ESO .....	13
5.4. O QUE DEBO SABER AO FINALIZAR O 4º CURSO DE ESO .....	14
<b>6. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS .....</b>	<b>15</b>
6.1. 1º ESO .....	15
6.2. 3º ESO .....	20
<b>7. ASPECTOS CURRICULARES E RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE .....</b>	<b>26</b>
7.1. 1º ESO .....	26
7.2. 2º ESO .....	35
7.3. 3º ESO .....	60
7.4. 4º ESO .....	67
<b>8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA .....</b>	<b>92</b>
8.1. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS .....	92
8.2. SECUENCIACIÓN HABITUAL DE TRABALLO NA AULA.....	93
8.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	93
<b>9. AVALIACIÓN .....</b>	<b>94</b>
9.1. AVALIACIÓN INICIAL.....	94
A. Medidas colectivas:.....	94
B. Medidas individuais: .....	94
9.2. AVALIACIÓN CONTINUA .....	95
9.3. RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS .....	96

9.4. AVALIACIÓN FINAL.....	96
9.5. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.....	96
9.6. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....	97
<b>10. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....</b>	<b>97</b>
<b>11. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....</b>	<b>97</b>
11.1. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	97
11.2. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	98
<b>12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>99</b>
12.1. MEDIDAS ORDINARIAS.....	99
12.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	99
<b>13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>	<b>100</b>
<b>14. DATOS DO DEPARTAMENTO.....</b>	<b>100</b>
<b>15. ANEXOS.....</b>	<b>101</b>
15.1. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN COMPETENCIAL.....	101
15.1.1 <i>Rexistro de avaliación do caderno</i> .....	101
15.1.2 <i>Rúbrica de exposición oral</i> .....	102
15.1.3 <i>Rúbrica de exposición con ferramentas dixitais</i> .....	103
15.1.4 <i>Rúbrica de traballos escritos</i> .....	104
15.2. ADAPTACIÓNS CURRICULARES.....	105
15.2.1 <i>Fernández López, Lidia (1º ESO)</i> .....	105
15.2.3 <i>Gandoy López, Erika (2º ESO)</i> .....	107
15.2.2 <i>Valcárcel López, José Antonio (2º ESO)</i> .....	109

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia, non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais. No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión

noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. No caso das áreas de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ESO, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras que tamén se abordan na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, pois o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Resulta obvio que, para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. Todo isto coa finalidade de construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas ambientais, o galego e o castelán, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe; de aí que esta capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

Co bloque de "**Comunicación oral: escoitar e falar**" procúrase que os alumnos e as alumnas vaian adquirindo as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque de "**Comunicación escrita: ler e escribir**" persegue que o alumnado sexa capaz de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos. Comprender un texto implica activar unha serie de estratexias de lectura. Así mesmo, a escritura implica un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores de escritura e revisión destes antes de redactar o texto definitivo.

O bloque de "**Coñecemento da lingua**" responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque de "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos escolares lectores cultos e competentes, implicados nun proceso de formación lectora que continúe ó longo de toda a vida. É un marco conceptual que aborda a lectura, comprensión e interpretación das obras literarias próximas ós seus gustos persoais e a súa madurez cognitiva, coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en galego.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN

### 2.1. CONTEXTO DO CENTRO

#### 2.1.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O CPI Tino Grandío está situado na capitalidade municipal do concello de Guntín, un concello da comarca de Lugo, no centro da Comunidade Autónoma de Galicia. Abrangue unha superficie de 154,7 km<sup>2</sup>, repartida entre 31 parroquias. A capitalidade municipal é a vila de Guntín de Pallares.

O poboamento está bastante diseminado en aldeas de pequeno tamaño e destaca polo seu grao de avellentamento. A economía baséase no sector agropecuario, especialmente nas actividades gandeiras. Os servizos están pouco desenvolvidos e moitos deses empregos están en Lugo. En Guntín soamente se localizan os relacionados coa administración municipal e os servizos sociais, ademais dun pequeno sector comercial.

Ademais deste centro, no termo municipal existe un CEIP no lugar de Lousada. O seu alumnado incorpórase ao CPI Tino Grandío para cursar os estudos de ESO.

O CPI Tino Grandío oferta ensinanzas de EI, EP e ESO, o que, en certa maneira, favorece a socialización e o coñecemento do alumnado desde idades moi temperás.

### 2.1.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A lingua materna predominante é a galega, aínda que se dá o paradoxo de que algúns pais e nais máis novos falan esta lingua entre eles, mentres que cos seus fillos e/ou fillas fano en castelán. Aínda así, o galego empregado nas familias está inzado de castelanismos, hiperenxebrismos e vulgarismos, sobre todo no plano léxico.

No curso actual temos un agrupamento específico en 1º de ESO formado por cinco alumnos/as que posúen diversas carencias nas destrezas fundamentais, polo que o traballo se volve máis individualizado e os contidos tamén máis simplificados. Unha das alumnas ten diagnosticado un retraso considerable, polo que se propuxo unha adaptación curricular significativa. No grupo de referencia tamén temos outro alumno con diagnóstico psicopedagóxico que esixe un tratamento máis individualizado.

En 2º de ESO tamén temos outro agrupamento específico formado por catro alumnos. Unha delas padece síndrome de Down e ten un retraso considerable, polo que lle realizamos unha adaptación curricular equivalente a 3º de primaria. Outro alumno posúe diversas carencias nas destrezas básicas e mesmo no seu comportamento. Para este alumno acompáñase, así mesmo, unha adaptación curricular da materia. No grupo de referencia o nivel académico non é elevado e temos outro alumno con TDAH.

En 3º de ESO temos sete alumnos. Un deles, con TDAH, esixe un ensino máis individualizado e máis atención. En 4º de ESO incorporouse unha alumna procedente de PMAR, que posúe un nivel académico deficiente e á que lle custa expresarse en lingua galega.

A grandes trazos podemos dicir que estamos nun centro eminentemente rural no que unha boa parte do alumnado, sobre todo o masculino, ten como centro de interese a vida que se desenvolve nas súas casas (principalmente o relacionado coa maquinaria agrícola), e o estudo ocupa un segundo lugar. Con todo si temos varios alumnos/as, e tamén as súas familias, preocupados por acadar unha boa formación.

## 3.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### 3.1. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Esta competencia é a de maior relevancia que pode adquirirse a través desta materia, xa que todos os seus contidos están orientados á adquisición dos coñecementos, habilidades e actitudes propios das destrezas comunicativas (procedementos de uso e reflexión sobre o seu funcionamento), aspectos todos eles que se aplicarán para adquirir coñecementos noutras materias.

### 3.2. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

Esta competencia adquirese, fundamentalmente, cando se achega o alumno á produción literaria, en particular, e ás manifestacións estéticas, en xeral, de modo que coñeza os grandes temas que a literatura tratou ao longo do tempo como expoñentes das preocupacións que lle interesaron historicamente ao ser humano e que valore a riqueza cultural do seu contorno. E no contexto en que se elaborou unha obra literaria, poderá coñecer outras manifestacións artísticas e culturais que lle darán todo o seu sentido, precisamente, á creación literaria.

### 3.3. COMPETENCIA NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN DIXITAL

Nesta materia, a busca de información ten un papel relevante, polo que o alumno debe ser quen de seleccionar aquela que lle proporcione uns coñecementos e información que, á súa vez, lle permitan a mellora das súas destrezas comunicativas. O uso da internet convértese, como non podía ser doutra forma, nun instrumento privilexiado, aínda que non único, para esa finalidade, xa que tamén deberá utilizar / consultar enciclopedias, dicionarios, etc. e os fondos dispoñibles da biblioteca. Outros soportes electrónicos (DVD, CD-ROM,...) e os procesadores de texto serán aliados na mellora da capacidade comunicativa do alumno, sobre todo porque o animarán a mellorar en dúas das facetas en que máis dificultades adoita atopar, a de escribir e a de ler. E con iso lógrase a imprescindible conversión da información en coñecemento.

### 3.4. COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

O uso da lingua como instrumento de comunicación axudará a que o alumno desenvolva a competencia social e cidadá, en canto que lle permitirá poñer en prácticas habilidades sociais como a convivencia, o respecto, a tolerancia, etc., froito das súas relacións con outras persoas que non necesariamente han de ter visións do mundo iguais á súa (interactuar socialmente). Se ben unha das finalidades desta materia é aprender lingua, tamén o é comprender e valorar criticamente as mensaxes que se transmiten a través do código lingüístico, e mesmo apreciar ese código cando non é o propio dun (caso do estudo doutras linguas españolas ou estranxeiras). Desta forma, a lingua como sistema de comunicación pode facilitar que o alumno coñeza realidades distintas á do contexto social en que vive e favorecer, en consecuencia, unha visión aberta doutras realidades.

### 3.5. COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

Esta competencia mostra como uns determinados contidos (lingüísticos neste caso, e para mellorar a capacidade comunicativa) serven para adquirir novos coñecementos de diferentes materias, non en van no código lingüístico está a base do pensamento e do coñecemento, en resumo, a representación individual e social do mundo e a transmisión do coñecemento (e a forma en que o axuda a estruturar o seu pensamento e a comunicarse cos demais). Mentres o alumno aprende contidos dunha determinada materia está a aprender, tamén, os propios da comunicación lingüística, só que en diferentes tipos de textos.

### 3.6. COMPETENCIA EN AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

O uso da lingua en contextos determinados non fai senón enfrontar o alumno con diversas situacións nas que debe analizar e resolver problemas relacionados coas destrezas comunicativas, o que redunda na súa capacidade para actuar reflexiva e autonomamente.

### 3.7. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

Na súa relación con esta materia, é a capacidade demostrada polo alumno de observar criticamente a realidade que o rodea e de valorar a especificidade do coñecemento científico en relación con outras formas de coñecemento.

### 3.8. COMPETENCIA MATEMÁTICA

Aínda que non é unha competencia estreitamente relacionada con esta materia, adquirese cando o alumno é quen de pensar e actuar academicamente de acordo cuns patróns lóxicos e racionais.

## 4. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO

### 4.1. 1º ESO

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
2. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
3. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.



4. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
7. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
8. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
9. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
10. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
11. Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
12. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais .

#### 4.2. 2º ESO

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética galega correcta.
3. Participar en situacións do ámbito académico, manifestando a opinión e mostrando respecto cara ás dos demais.
4. Aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou en grupo.
5. Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados.
6. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC, adquirindo desta maneira unha cada vez máis fluída preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
7. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
8. Ler en voz alta respectando os patróns da fonética galega e rexeitando prexuízos estéticos.
9. Usar os recursos que ofrece a biblioteca e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
10. Producir en calquera formato textos de distintos ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
11. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso, depurado de interferencias e desviacións da norma.
12. Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes.
13. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.

14. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
15. Identificar os mecanismos de cohesión textual.
16. Coñecer e aplicar as regras ortográficas.
17. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo.
18. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia.
19. Ler de maneira comprensiva textos de diferentes xéneros.
20. Diferenciar os textos literarios e os non literarios e, nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.

#### 4.3. 3ºESO

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de información procedente da comunicación audiovisual.
3. Participar activamente en situacións do ámbito académico, manifestando a opinión e respectando a dos demais.
4. escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética galega correcta.
5. Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.
6. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC, adquirindo desta maneira unha cada vez máis fluída preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
7. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
8. Ler en voz alta respectando os patróns da ortofonía galega e rexeitando prexuízos estéticos.
9. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
10. Producir en calquera formato, textos de distintos ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
11. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso, acorde coa idade do alumnado, e depurado de interferencias e desviacións da norma.
12. Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
13. Coñecer e utilizar as diferentes categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
14. Identificar os conectores e outros mecanismos que doten de cohesión o texto.
15. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
16. Coñecer e aplicar as regras ortográficas.
17. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo.

18. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer as principais iniciativas normalizadoras e identificar prexuízos.
19. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua desde os seus comezos ata o século XX.
20. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar o estándar como variante unificadora.
21. Coñecer a familia lingüística do galego e a súa relación coa lusofonía.
22. Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega ata o século XX.
23. Ler de maneira comprensiva e expresiva textos da literatura galega ata o século XX e coñecer o básico dos autores máis destacados.
24. Comentar textos literarios da lírica medieval e da literatura do século XIX.
25. Elaborar traballos expositivos e argumentativos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega ata o século XIX ou sobre temas de actualidade.
26. Crear textos con intención literaria a partir de modelos traballados na aula.

#### 4.4. 4º ESO

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de información procedente da comunicación audiovisual.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais con fonética galega correcta.
4. Participar activamente en situacións do ámbito académico, manifestando a opinión e respectando a dos demais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais e informais e de forma individual ou en grupo.
6. Producir discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.
7. Realizar exposicións orais coa axuda das TIC, adquirindo desta maneira unha sólida preparación no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
9. Ler en voz alta respectando os patróns da ortofonía galega e rexeitando prexuízos estéticos.
10. Usar os recursos que ofrece a biblioteca e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
11. Producir en calquera formato, textos de distintos ámbitos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
12. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso, acorde coa idade do alumnado, e depurado de interferencias e desviacións da norma.
13. Utilizar dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.

14. Coñecer e utilizar as diferentes categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
15. Identificar os conectores e outros mecanismos que doten de cohesión o texto.
16. Coñecer e aplicar as regras ortográficas.
17. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
18. Valorar a ecoloxía das linguas como medio de relación interpersoal e sinal de identidade dun pobo.
19. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia na actualidade, coñecer as principais iniciativas normalizadoras e normativizadoras e identificar prexuízos.
20. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua desde 1916 ata a actualidade.
21. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
22. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar o estándar como variante unificadora.
23. Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
24. Ler de maneira comprensiva e expresiva textos da literatura galega desde 1916 á actualidade e coñecer a produción e autores máis destacados.
25. Comentar textos literarios da literatura contemporánea.
26. Elaborar traballos expositivos e argumentativos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega desde 1916 á actualidade ou sobre temas de actualidade.
27. Crear textos con intención literaria a partir de modelos traballados na aula.

## 5. MÍNIMOS DE PROMOCIÓN

### 5.1. O QUE DEBO SABER AO FINALIZAR O 1º CURSO DE ESO

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Entender o concepto de *plurilingüismo* e coñecer algunhas linguas do mundo. Entender a diferenza entre lingua oficial e lingua non-oficial. Identificar as linguas da península Ibérica e a súa situación. Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran. Coñecer a lexislación sobre o galego. Coñecer as principais variedades na fala do idioma galego. Coñecer o ámbito de uso do galego fóra das nosas fronteiras. Coñecer a presenza do galego en Internet. Recoñecer a utilidade do galego. Coñecer o concepto de *prexuízo lingüístico*.
- Coñecer e utilizar correctamente o alfabeto galego.
- Ampliar o vocabulario relacionado co cuarto, coa familia, coa aula, coa rúa, coas accións do corpo, cos cinco sentidos, cos animais, coas maneiras de ser, cos seres vivos, coa festa, coa cociña e cos deportes.
- Coñecer a morfoloxía das palabras e como se clasifican segundo a súa estrutura. Comprender que é un campo semántico. Clasificar as palabras polo número de sílabas. Distinguir sílabas tónicas e átonas e identificar ditongos e hiatos. Lembrar e practicar a relación semántica de sinonimia. Lembrar o concepto de *polisemia* e identificar os distintos significados das palabras polisémicas.
- Usar palabras homófonas e diferenciais das polisémicas. Recoñecer palabras homónimas.
- Coñecer e aplicar os prefixos e sufixos máis habituais.
- Coñecer e aplicar as regras básicas de acentuación. Coñecer e aplicar regras especiais de acentuación. Aplicar as normas de uso de *i*, *ll* e *x*. Aplicar as normas de uso de *b* e *v*. Aplicar correctamente *s* ou *x* nas palabras que comezan por *es-* e *ex-*. Identificar e

distinguir palabras con e sen *h*. Coñecer e aplicar as regras que rexen o uso das maiúsculas. Coñecer as regras de uso do punto, da coma, do punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos e signos de interrogación e exclamación.

- Identificar castelanismos léxicos. Identificar préstamos lingüísticos.
- Recoñecer semántica e formalmente os substantivos e clasificalos. Identificar o xénero dos substantivos e formar o feminino a partir de nomes dados. Coñecer as normas de formación do plural.
- Recoñecer os adxectivos cualificativos e os seus graos.
- Identificar algúns determinantes (artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, interrogativos, exclamativos e numerais) e a súa función.
- Recoñecer e aplicar correctamente as formas tónicas e as átonas dos pronomes persoais.
- Recoñecer o verbo, analizar os seus compoñentes morfolóxicos e utilizar correctamente as formas nominais. Saber conxugar verbos regulares e identificar as peculiaridades dalgúns deles.
- Recoñecer os adverbios e a súa función, e identificar as distintas clases de adverbios e locucións adverbiais.
- Identificar preposicións e conxuncións.
- Recoñecer un texto literario e identificar o xénero ao que pertence.
- Recoñecer e analizar os elementos do xénero narrativo: narrador, personaxes, espazo e tempo. Diferenciar entre contos literarios e populares e recoñecer as características destes últimos. Escribir o comezo dunha narración. Recoñecer as características das lendas.
- Recoñecer as características específicas do xénero lírico. Identificar a rima e algunhas figuras literarias en textos poéticos. Analizar textos pertencentes ao xénero lírico e identificar certas estrofas. Recoñecer algunhas manifestacións da lírica popular: cantigas e romances.
- Recoñecer as características básicas do texto dramático.
- Analizar os elementos propios da linguaxe do cómic.
- Crear unha carta a partir duns modelos. Redactar textos descritivos e instrutivos. Analizar textos publicitarios. Coñecer os xornais e analizar unha noticia.

## 5.2. O QUE DEBO SABER AO FINALIZAR O 2º CURSO DE ESO

- Ler, comprender e analizar textos narrativos, epistolares, poéticos, teatrais, noticias, entrevistas, reportaxes, ...
- Coñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coas viaxes, cos animais, coa gastronomía, coa hostalería, coa comunicación, coa navegación, cos medios de transporte, cos seres míticos, coa paisaxe mariña, coa paisaxe de montaña, co teatro, co vestuario e complementos, ..
- Identificar e pronunciar correctamente os fonemas vocálicos e consonánticos que forman o sistema fonolóxico galego.
- Dividir as palabras en sílabas e recoñecer os ditongos, tritongos e hiatos. Distinguir a estrutura das palabras e a súa clasificación.
- Identificar os antropónimos e os hipocorísticos, así como a orixe dos principais apelidos galegos.
- Ser consciente da diversidade de linguas que existen no mundo. Coñecer as linguas que se falan na Península Ibérica. Coñecer a situación legal das linguas en Galicia. Coñecer o ámbito da lusofonía e a orixe común do galego e do portugués. Coñecer a situación do galego na actualidade e os niveis de competencia da poboación. Identificar os procesos de normalización e normativización da lingua.
- Identificar as distintas variedades lingüísticas (históricas, xeográficas, sociais e situacionais). Identificar e respectar as variedades xeográficas.
- Identificar os préstamos e os procedementos de entrada das palabras na lingua. Identificar os estranxeirismos e os castelanismos para intentar evitalos.
- Identificar os casos especiais de acentuación e aplicar as normas de acentuación. Coñecer e aplicar a acentuación diacrítica.
- Coñecer e aplicar as normas de emprego das maiúsculas. Aplicar as normas de uso do *b* e do *v*. Coñecer e aplicar as normas de uso do *h*, do *s* e do *x*, do *n* e do *ñ*. Empregar correctamente os grupos cultos.
- Coñecer e aplicar as normas de uso do punto, da coma, do punto e coma, dos dous puntos, dos puntos suspensivos, das comiñas e das raías.
- Coñecer as características do substantivo así como as súas especificidades en canto ao xénero e ao número. Recoñecer o substantivo como núcleo das frases nominais.

- Coñecer as características do adxectivo así como as súas especificidades en canto ao xénero e ao número. Recoñecer o adxectivo como núcleo das frases adxectivas.
- Identificar pronomes persoais e as súas contraccións. Substituír frases nominais polo pronome correspondente e colocar axeitadamente o pronome átono.
- Identificar os constituíntes dos verbos, os modos, os tempos verbais e as formas nominais. Coñecer a conxugación dos verbos regulares e dos irregulares.
- Clasificar as oracións segundo diferentes criterios (a actitude do falante, o predicado e a voz verbal). Coñecer a estrutura da oracións e os tipos de suxeito e de predicado.
- Coñecer os principais complementos da oración: complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial, suplemento, axente, atributo e predicativo.
- Distinguir as principais características da literatura.
- Identificar os diferentes xéneros literarios, así como algúns subxéneros. Identificar os diferentes tipos de narrador. Identificar os diferentes tipos de personaxes, espazo e tempo propios do xénero narrativo.
- Distinguir as características da poesía lírica. Coñecer as diferenzas entre a lírica tradicional e a lírica culta. Distinguir os elementos propios da versificación (a métrica, a distribución dos acentos e a rima). Identificar algúns tipos de estrofa e de poema. Recoñecer os principais recursos da linguaxe poética.
- Coñecer as principais características do xénero dramático.
- Coñecer as principais características dos esquemas e a súa tipoloxía. Coñecer as principais características dos mapas conceptuais e elaboralos a partir dun modelo.
- Coñecer os pasos a seguir para levar a cabo unha exposición oral.
- Coñecer os principais mecanismos de cohesión textual.
- Coñecer e aplicar a técnica para a elaboración dun resumo.

### 5.3. O QUE DEBO SABER AO FINALIZAR O 3º CURSO DE ESO

- Clasificar textos segundo a canle de transmisión, o tema e a intención comunicativa.
- Ampliar o vocabulario relacionado coas redes sociais, das plantas aromáticas e medicinais, das emocións e os sentimentos, do universo, das artes, cos deportes, coa paisaxe natural, coa xustiza e coas leis, coa ecoloxía, coa prensa e co mundo dixital..
- Aplicar correctamente as regras de acentuación. Aplicar correctamente as regras de uso do acento diacrítico. Escribir correctamente palabras con b e con v. Escribir correctamente palabras con e sen h e coñecer o uso da diérese. Escribir correctamente palabras con s e con x e diferenciar o uso de senón e se non. Escribir correctamente palabras con l e ll e con n e ñ. Escribir correctamente palabras que conteñen grupos consonánticos e diferenciar por que, porque e porqué.
- Aplicar correctamente os signos de puntuación. Utilizar correctamente as maiúsculas e as minúsculas.
- Recoñecer e corrixir castelanismos. Escribir correctamente palabras homófonas e parónimas.
- Identificar as distintas unidades lingüísticas e as disciplinas que as estudan.
- Descompoñer as palabras nos seus constituíntes e clasificalas segundo a súa estrutura. Coñecer e aplicar correctamente os procedementos de redución de palabras.
- Coñecer a formación da lingua galega e a súa evolución. Identificar algunhas características lingüísticas do galego medieval. Coñecer a situación do galego entre os séculos XV e XVIII. Coñecer a situación da lingua galega no século XIX. Coñecer as variedades da lingua.
- Identificar topónimos e relacionalos cos seus xentilicios.
- Identificar substantivos morfolóxicos e sintacticamente e clasificalos. Recoñecer o xénero dos substantivos e saber formar o feminino e o plural.
- Identificar e clasificar adxectivos, aplicar as regras de concordancia e coñecer os distintos graos nos que pode aparecer.
- Coñecer a función dos determinantes e as súas clases.
- Identificar o pronome persoal, diferenciar formas tónicas e átonas e utilizar correctamente as formas átonas.
- Analizar formas verbais morfolóxicamente e conxugar verbos regulares e irregulares. Conxugar as formas verbais dos verbos regulares e con variacións. Coñecer e aplicar correctamente as formas verbais dos verbos irregulares.
- Identificar e utilizar correctamente perífrases verbais e saber clasificalas.
- Identificar e clasificar adverbios e locucións adverbiais.
- Identificar preposicións e locucións preposicionais e utilízalas correctamente.
- Identificar conxuncións e locucións conxuntivas, clasificalas e recoñecer a función que desempeñan. Identificar interxeccións e utilízalas adecuadamente segundo a situación comunicativa dada.

- Comprender o concepto de plurilingüismo. Entender e diferenciar os conceptos de *bilingüismo*, *diglosia* e *normalización lingüística*. Coñecer as linguas que se falan na Península Ibérica e o status de cada unha.
- Coñecer as principais características e mostras da literatura popular. Coñecer as principais características e xéneros da literatura galego-portuguesa medieval. Identificar as características temáticas e formais das cantigas de amigo. Coñecer as principais características das cantigas de amor. Coñecer as principais características das cantigas de escarnio e das composicións que se agrupan na categoría de xéneros menores. Coñecer as principais características da lírica relixiosa galego-portuguesa. Coñecer as principais manifestacións literarias en galego entre os séculos XV e XVIII. Coñecer a situación da literatura galega no século XIX. Coñecer as principais contribucións de Rosalía de Castro á literatura e á vida cultural galegas. Coñecer a contribución de Curros Enríquez á literatura e á vida cultural galegas. Coñecer as principais contribucións de Eduardo Pondal á literatura galega. Coñecer o panorama da narrativa galega no século XIX e recoñecer algúns dos seus máximos representantes. Coñecer a situación do xénero teatral galego no século XIX e identificar algúns autores e obras representativos.
- Coñecer os elementos propios dos textos narrativos. Identificar as características do texto descritivo e aplicalas en creacións propias. Identificar as características do texto dialogado. Recoñecer as características dos códigos, lingüístico e iconográfico, do cómic. Identificar as características específicas dos textos poéticos, e aplicalas en creacións propias. Coñecer as características propias do texto teatral e identificar os subxéneros dramáticos. Comprender e compoñer textos expositivos. Recitar poemas. Comprender e compoñer textos argumentativos. Ler e analizar textos periodísticos. Crear videopoemas.

#### 5.4. O QUE DEBO SABER AO FINALIZAR O 4º CURSO DE ESO

- Ler, comprender e analizar textos narrativos, prescritivos, artigos de opinión, mensaxes publicitarias, un guión cinematográfico,...
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coas formas de ser, co tempo cronolóxico, co medo, coa arquitectura e o urbanismo, co tempo meteorolóxico, coas viaxes e co turismo, coa xustiza e coas leis, co ocio, co cine, co radio e coa televisión, coas novas tecnoloxías e coas redes sociais.
- Aplicar correctamente as regras de acentuación. Escribir correctamente palabras con b e con v. Utilizar correctamente o h. Utilizar correctamente certas terminacións: -nte/-mento; -za/-cia, -zo/-cio, -zón/-ción. Utilizar correctamente os grupos consonánticos -cc- e -ct-.
- Coñecer o sistema fonolóxico e a fonética do galego.
- Coñecer as variedades internas da lingua e identificar os trazos que diferencian as distintas zonas dialectais. Coñecer e identificar as variedades socioculturais da lingua. Coñecer as variedades diafásicas da lingua e identificar a variedade estándar. Saber que é a lusofonía e que ámbito xeográfico abarca. Identificar os prexuízos lingüísticos e argumentar acerca de como afectan ao proceso normalizador da lingua. Coñecer o estado do galego na actualidade, no referente ao seu uso e á competencia dos falantes. Valorar a importancia dos medios de comunicación na normalización da lingua. Valorar a importancia de Internet na normalización do galego. Analizar o uso do galego en diferentes ámbitos sociais.
B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos poéticos e teatrais representativos da literatura galega actual.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos poéticos e teatrais da literatura galega actual.	LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e dramatizadamente textos de distintos xéneros da literatura galega actual en soporte dixital.	CCL, CD	50%	5%
		LGLB5.3.2. Participa con proveito da audición e visualización de creacións literarias en soporte dixital.		50%	5%

#### Temporalización:

xuño:

## 8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Tendo presente que a función do profesor/a no proceso ensino-aprendizaxe é a de mediador entre o alumno/a e os contidos, a metodoloxía empregada neste proceso debe partir do principio de aprender a aprender; desta forma, poténciase unha aprendizaxe autónoma. O profesor/a proporcionará as ferramentas para que o alumno/a aprenda a aprender. Isto supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz. Inclúe, ademais, habilidades para obter información e transformala en coñecemento propio.

Coa intención de valorar os coñecementos que o alumnado posúe, establecerase un diálogo no inicio de cada unidade, para levar a cabo unha metodoloxía motivadora e significativa, relacionando os coñecementos que eles/elas teñen cos novos, cos que se van enfrontar e facer así unha ensinanza globalizadora.

Para o desenvolvemento dos distintos bloques de contido, o alumnado lerá diversos textos literarios e xornalísticos; deles extraerá as súas características a través dun método indutivo. Traballarán en grupos reducidos ou todo o grupo de clase; tamén realizarán outras actividades de maneira individual ou por parellas. Co todo, o/a profesor/a prestará sempre atención individualizada a aqueles alumnos/as que a precisen. Tódalas actividades corríxense oralmente, entre todos/as na aula, de maneira participativa. Esta metodoloxía, combinada co traballo en equipo, potenciará a cooperación, a solidariedade e a necesidade que temos de relacionarnos e compartir cos semellantes os nosos coñecementos e habilidades, pero sen esquecermos as aprendizaxes individualizadoras segundo as dificultades do alumnado.

A metodoloxía empregada será motivadora, baseada na variedade de actividades (xogos de lingua, pasatempos, lectura comprensiva de textos...), que a ser posible poderán estar apoiadas por imaxes, presentacións de "PowerPoint", audicións musicais... Así mesmo, proporemos actividades de repaso para realizar en grupo ou individualmente.

Ademais, debemos presentarlles a utilidade dos contidos, como por exemplo, a redacción dunha carta á directora do centro manifestando preocupación pola mellora dalgunhas instalacións.

Polo que respecta á lectura, para cada trimestre establecemos unha obra de lectura obrigada, variadas en xéneros e en soportes, e relacionadas coa materia ou cos contidos transversais. Para esta actividade empregaremos dúas sesións na clase e os/as alumnos/as lerán as obras pola súa conta. Nunha primeira sesión comezaremos a lectura, o/a profesor/a comentará os aspectos a ter en conta e tamén proporá actividades relativas ao contido ou aos elementos da narración. Se algún alumno/a comezara a lectura pódese establecer un diálogo crítico ou reflexión colectiva sobre a obra. Logo, na segunda sesión, marcada polo profesor/a en acordo co alumnado, realizarase unha proba escrita.

### Posibles aspectos:

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxías activas:
  - Combinar traballo individual e cooperativo
  - Aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC
- Papel facilitador do profesor/a

### 8.1 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

**Posibles estratexias:**

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa,...
- Elaboración de sínteses
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos
- Comentarios de textos, gráficos, mapas
- Resolución de problemas
- Estudo de casos (proxectos)
- Simulacións

## 8.2.SECUENCIACIÓN HABITUAL DE TRABALLO NA AULA

**Posible secuencia:****Motivación:**

- Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, ,etc.

**Información do profesor/a:**

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

**Traballo persoal**

- Lectura e comprensión de textos
- Análise de documentos, pequenas investigación, etc.
- Resposta a preguntas
- Resolución de problemas
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficas, sínteses, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva

**Avaliación:**

- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, (Rúbricas)
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

## 8.3. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Como libro base en formato papel utilizarase o da editorial Anaya en todos os cursos. Así mesmo, empregaremos o libro dixital da mesma editorial.

En 1º e º de ESO, tamén se poderán utilizar os diferentes materiais que nos proporciona a plataforma EDIXGAL.

Outros recursos que se poden utilizar:

- Fichas de traballo da diversidade, lecturas complementarias, material para o desenvolvemento das competencias...

- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Recursos que ofrece a páxina web: <https://www.ogalego.eu/>
- Recursos na web da SXPL, da Universidade e da RAG (tradutores, dicionarios...).

## 9. AVALIACIÓN

### 9.1. AVALIACIÓN INICIAL

Nas primeiras semanas do curso realizarase unha avaliación inicial do alumnado, co fin de coñecer o seu nivel nas diferentes competencias clave. Esta avaliación inicial non consistirá nunha única proba, senón que será o resultado dun conxunto de tarefas conducentes a proporcionar unha visión o máis completa posible das fortalezas e debilidades do alumnado.

Os criterios para a avaliación inicial do alumnado tomarán como referencia os obxectivos marcados para a mesma materia no final da Educación Primaria, salvo que haxa alumnos/as con necesidades educativas especiais que xa fose diagnosticado polo departamento de Orientación. Neste caso, o deseño das probas de avaliación inicial será consensuado con dito departamento.

Como instrumentos de avaliación inicial poderán empregarse algúns dos seguintes:

- Proba escrita que combine exercicios de redacción, lectura comprensiva e interpretación de textos variados.
- Dinámicas de clase que impliquen a participación oral do alumnado e a súa interacción co profesor e cos compañeiros.
- Asignación dunha tarefa para a casa, consistente, por exemplo, nun breve traballo de investigación.
- Actividade práctica na aula de lectura e expresión oral.

Se os resultados desta avaliación inicial o aconsellan, poderán adoptarse algunhas das medidas que se detallan a continuación:

#### A. MEDIDAS COLECTIVAS:

- Programación de varias sesións de clase destinadas a reforzar debilidades detectadas nos alumnos.
- Elaboración de material didáctico para que os alumnos, en casa, poidan reforzar debilidades detectadas na avaliación inicial.
- Reorganización da temporalización prevista nesta programación, co fin de adecuala ás necesidades máis urxentes do alumnado.

#### B. MEDIDAS INDIVIDUAIS:

- Elaboración de material didáctico para que cada alumno, na casa, poida reforzar as competencias clave nas que ten acadado un nivel inferior ao dos compañeiros.
- Organización dun número limitado de titorías nalgún recreo ao longo das primeiras semanas, orientadas en todo caso a dar pautas de traballo para corrixir as carencias detectadas.

## 9.2. AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación caracterízase por ser continua, integradora e individualizada, polo que require unha constante recollida de información. Deste xeito, valoraranse as actitudes e hábitos de traballo do alumnado, os coñecementos e os contidos procedimentais e, principalmente, a consecución das competencias clave.

Ao longo de cada curso realizaranse catro sesións de avaliación, tres trimestrais (ordinarias) e unha extraordinaria no mes de setembro.

Os progresos dos alumnos e alumnas valoraranse en relación co punto de partida, que se recollerá na avaliación inicial. A partir desta información, o profesor seleccionará aqueles contidos e obxectivos máis adecuados á realidade dos alumnos e planificará as actividades que lles permitan progresar desde a súa situación inicial.

Ao final de cada trimestre pode contarse con moi diverso material avaliable e cualificable de acordo co tipo e número de actividades realizadas polo alumno/a. Os criterios de cualificación varían, relativamente, de acordo ao tipo de actividade. Nas probas concretas obxecto de exame escrito propiamente dito, indícase a cualificación numérica de cada cuestión.

A avaliación apóiase na recollida de información, a través tanto da observación diaria na aula, como nos diferentes traballos solicitados, caderno e probas obxectivas que se propoñan. De forma xeral, usaranse as seguintes ferramentas:

- Rexistros de avaliación: un por cada tema.
- Probas escritas: realizarase unha proba escrita cada dous temas, de tal maneira que ao menos haxa dúas por avaliación. Estas probas inclúen probas de lectura e comprensión. A lectura de carácter obrigatorio será avaliada con probas orais ou escritas que versarán sobre o contido da mesma.
- Caderno da aula: avaliarase o traballo na aula a través do caderno do alumno ou alumna.
- Traballos variados: a adquisición do coñecemento dos diferentes contidos tratados na aula serán avaliados tamén con exercicios e actividades preparados para este caso.
- Exposicións orais.

Tanto as exposicións orais, como as escritas, incluído o caderno, avalíaranse seguindo os modelos de rúbrica que se achegan nos anexos.

A ponderación dos instrumentos de avaliación realizarase normalmente do seguinte xeito:

Probas escritas (CCL, CAA, CCEC): 70%	Traballos (CCL) en relación con outras competencias: 20%	Actitude e traballo na aula (CCL) en relación con outras competencias: 10%
<ul style="list-style-type: none"><li>• Realizaranse dous exames por trimestre onde os estudantes deben demostrar os coñecementos e capacidades, así como os seus recursos expresivos.</li><li>• Nas probas concretas escritas, indícase a cualificación numérica de cada cuestión.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Lecturas obrigatorias (CCEC).</li><li>• Traballo na clase e/ou na casa e rexistrado no caderno (CAA, CSIEE).</li><li>• Comentarios de textos literarios e/ou lingüísticos e textos de creación persoal (CAA, CCEC).</li><li>• Traballos de investigación individuais ou en grupo (CAA, CCEC, CD, CMCCT, CSIEE).</li><li>• Exposicións orais. dramatizacións, recitados...</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Participación activa no traballo desenvolvido na aula (CAA, CSC).</li><li>• Respecto ás normas e ao traballo en equipo (CSC).</li><li>• Uso correcto do material (CSC).</li></ul>



Dentro do 10% da puntuación na actitude e observación do traballo na aula, tamén se terán en conta:

- O esforzo habitual no desenvolvemento das tarefas.
- O progreso e mellora no seu proceso de aprendizaxe.
- O interese e eficacia na autocorrección das tarefas.
- Unha actitude colaboradora e respectuosa no traballo en equipo.
- A contribución á convivencia.
- O respecto ás quendas de palabra, ás opinións diferentes e á diversidade lingüística e cultural.

O alumno/a que ao acabar o curso teña de nota media na materia entre 10-5 puntos promociona ao curso seguinte. Teranse en conta os criterios de cualificación explicados anteriormente. Á hora de avaliar, sopesarase todos os contidos e terase en conta que a nosa materia é considerada como materia con contidos progresivos, polo tanto valorase a evolución positiva e global do alumnado.

### 9.3. RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS

Recuperación das avaliacións por trimestres: o alumnado que non supere a correspondente avaliación deberá presentar con anterioridade á proba escrita o caderno con todas as actividades realizadas en cada trimestre, coidando a ortografía e a presentación (marxes, enunciado das actividades, data...). A proba escrita realizarase ao comezo do seguinte trimestre ou no mes de xuño, e suporá o 70% da nota; o 30% restante corresponderá ao caderno de actividades.

### 9.4. AVALIACIÓN FINAL

Recuperación do curso: os alumnos deberán presentarse á recuperación final de xuño se non superaron o curso nos supostos anteriormente relacionados. Neste caso o profesor valorará o traballo realizado durante o curso ata un 30%. A proba escrita corresponderase coas tres avaliacións e suporá o 70% da nota final.

### 9.5. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

A nivel de centro seguiremos os criterios especificados no artigo 23 do DOG do 29/6/2015.

**Promocionarán ao curso seguinte os alumnos/as que:**

- a) Superaran todas as materias do curso
- b) Teñan avaliación negativa en unha ou dúas materias, sempre que estas non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

**Repetirán aqueles alumnos/as que:**

- a) Teñan avaliación negativa en tres ou máis materias
- b) Teñan avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

#### **Excepcións**

Pode autorizarse a promoción con **tres materias** se:

- a) **Dúas delas non son simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.**
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno/a seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

O claustro de profesores acorda que para que un alumno se beneficie desta excepción deberá amosar un traballo continuado nas materias aínda que, polas súas circunstancias particulares non poida superalas.

**Enténdese que debe intentar seguir o desenvolvemento normal das clases, traer o material necesario (non facelo supón tamén una falta leve ás normas de convivencia), presentarse as probas correspondentes e resolvelas na medida das súas posibilidades.**

**As actitudes negativas e/ou o abandono deberán ser reflectidas polos profesores ao longo do curso e nas sesións de avaliación.**

Desta maneira trataremos de evitar que os alumnos sen necesidades educativas especiais decidan abandonar unha ou máis materias, co agravio comparativo e mal exemplo que isto supón cara ao resto dos seus compañeiros.

- c) Que se lle apliquen ao alumno/a as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refira o apartado 7 do artigo 23.
- d) Que tendo avaliación negativa en Lingua Galega Literatura e Matemática ou en Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, o equipo docente considere que pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten posibilidades de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, sempre que se lle apliquen as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

## 9.6. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Ao tratarse dunha materia con contidos progresivos, considérase que o/a alumno/a alcanzou os obxectivos fixados para a materia pendente sempre que obteña unha avaliación continua positiva nas dúas primeiras avaliacións do curso en que está matriculado. No caso de que isto non suceda, o/a alumno/a deberá realizar unha proba final da materia no mes de maio e/ou setembro.

A este efecto, ademais das actividades de repaso e reforzo que se realicen ao longo do curso, durante o mes de abril proporcionaráselles un plan intenso de actividades que versarán sobre os contidos mínimos esixibles na proba extraordinaria.

En todo caso, a cualificación positiva dunha materia implicará a superación das materias pendentes.

## 10. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- CL = Comprensión lectora: todos os cursos, con maior incidencia en 1º e 2º de ESO.
- EOE = Expresión oral e escrita: en todos os cursos, con maior incidencia en 1º e 2º de ESO.
- CA = Comunicación audiovisual: todos os cursos.
- TIC = Tecnoloxía da información e comunicación: en todos os cursos.
- EMP = Emprendemento: en todos os cursos, con maior incidencia en 1º e 2º de ESO.
- EC = Educación cívica: en todos os cursos.
- PV = Prevención da violencia: en todos os cursos.

## 11. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

### 11.1. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

1.- Avaliación do proceso de ensino e de práctica docente  (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
<b>Proceso de ensino:</b>				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
3.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
4.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
5.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
6.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
7.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
8.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
9.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
10.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

<b>Práctica docente:</b>	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
12.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
13.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

## 11.2. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso duns indicadores de logro para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta realizarase ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 12.1. MEDIDAS ORDINARIAS

- Faise un agrupamento específico de 5 alumnos/as en 1º de ESO por presentar bastantes dificultades na lectoescritura e na comprensión, tanto oral coma escrita.
- Proponse apoio na aula para outros tres alumnos de 1º de ESO por un motivo semellante.
- Realízase un agrupamento específico en 2º de ESO de catro alumnos por presentar serias dificultades na comprensión e na lectoescritura.
- Proponse o apoio na aula a outros tres alumnos con problemas de dislexia e TDAH (neste caso a nai négase a que vaia ao agrupamento específico).

### 12.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

- Realízase unha ACS para unha alumna de 1º de ESO que repite e que os informes médicos e psicopedagóxicos indican unha importante dificultade para o desenvolvemento normal das tarefas.

- Continúase cunha ACS para unha alumna de 2º de ESO con síndrome de Down e que presenta serias dificultades na comprensión e na expresión (Báixase o nivel da que tiña anteriormente, asimilándoa a un 3º de EP)..
- Continúase con outra ACS para outro alumno de 2º de ESO con importantes dificultades na lectoescritura e na comprensión, ademais de presentar trazos imprevisibles no seu comportamento.

### 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este departamento promoverá e/ou participará nas seguintes actividades:

- a) Equipo de dinamización da lingua galega.
- b) Biblioteca do centro.
- c) Actividades letras galegas: relatorios, visitas,...
- d) Calquera outra que se organice desde o propio centro.

### 14. DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Lingua galega e literatura	1º ESO	A	Carlos Vázquez García
Lingua galega e literatura	1º ESO	Agrupamento	Marta Rodríguez (Departamento de Francés)
Lingua galega e literatura	2º ESO	A	Carlos Vázquez García
Lingua galega e literatura	2º ESO	Agrupamento	Carlos Vázquez García
Lingua galega e literatura	3º ESO	A	Carlos Vázquez García
Lingua galega e literatura	4º ESO	A	Carlos Vázquez García

## 15. ANEXOS

### 15.1. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN COMPETENCIAL

#### 15.1.1 REGISTRO DE AVALIACIÓN DO CADERNO

	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	
A portada do caderno, inclúe o curso, a materia, a data de inicio do caderno e o nome?																			
Indícase o inicio de cada tema e aparece a data en que toman os apuntamentos, se realizan as actividades, etc.?																			
Ao realizar unha actividade, cópiase o enunciado, ou polo menos indícase o seu número e onde atopalo (páxina do libro, fotocopias, Internet, etc.)?																			
Coidouse a ortografía e o uso correcto dos símbolos necesarios, así como a limpeza?																			
Respectáronse as marxes e realizouse unha distribución adecuada dos contidos do caderno?																			
Incluíronse correccións e aclaracións sempre que foi necesario?																			
Realizáronse ilustracións, debuxos, esquemas, resumos e/ou mapas mentais, que axuden no estudo e comprensión do contido?																			

NOTA: Esta escala de observación pódese empregar en calquera dos tres tipos de avaliación interna:

- Autoavaliación: os alumnos e as alumnas avalían o seu propio rendemento.
- Coavaliación: os alumnos avalíanse entre eles, intercambiando o seu papel de avaliados e avaliadores alternativamente.
- Heteroavaliación: a que realiza o profesorado ao seu alumnado.

15.1.2. RÚBRICA DE EXPOSICIÓN ORAL

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
COMUNICACIÓN ORAL	1	Saúda ao comezar, preséntase e nomea o tema a tratar.	Preséntase e nomea o tema a tratar.	Saúda ao comezar e nomea o tema a tratar.	Saúda ao comezar e/ou preséntase.
	2	Vocaliza, usa o volume e o ton de forma correcta e coida a linguaxe non verbal.	Vocaliza, usa o volume e o ton de forma correcta, pero non coida a linguaxe non verbal.	Coida a linguaxe non verbal.	Usa o volume de forma adecuada.
	3	Realiza unha introdución esquemática e a orde da exposición é lóxica.	A orde da exposición é lóxica.	Realiza unha introdución esquemática da exposición.	A exposición presenta certa orde.
	4	Achega conclusións, invita a realizar preguntas e despídese.	Achega conclusións e invita a realizar preguntas.	Achega conclusións ou invita a realizar preguntas.	Despídese.
CONTIDO DA EXPOSICIÓN	5	A información que transmite é correcta e centrada no tema.	A información que transmite é do tema, pero ten algunhas incorreccións.	A información que transmite é correcta, pero doutro tema.	A información que transmite é doutro tema e ademais é errónea.
	6	A información foi traballada e elaborada polo propio alumno ou alumna a partir das fontes de información indicadas.	A información parece ter sido elaborada polo alumno ou alumna, pero non indicou as súas fontes.	Parte da información transmítese directamente desde unha ou varias fontes.	A información simplemente transmítese desde as fontes sen comprobar a súa fiabilidade.
	7	Emprega a linguaxe de forma adecuada e amena, utilizando vocabulario (técnico) acorde ao tema.	Emprega a linguaxe de forma adecuada e utiliza vocabulario (técnico) acorde co tema.	Emprega vocabulario (técnico) acorde co tema.	Emprega a linguaxe de forma adecuada.
	8	Responde ás preguntas con acerto e precisión.	Responde ás preguntas, pero deu algúns datos irrelevantes.	Responde a algunha pregunta con erros ou vaguidades.	Non responde a ningunha pregunta ou faino con continuos erros.
RECURSOS DE APOIO	9	Interactúa co auditorio mediante varias actividades que facilitan a comprensión do tema da exposición.	Realiza algunha actividade de apoio que facilita a comprensión do tema.	Realiza algunha actividade de apoio, pero non facilita a comprensión do tema por desviarse del.	Non realiza ningunha actividade de apoio que facilite a comprensión do tema da exposición.
	10	Emprega apoio audiovisual para recordar datos ou dar exemplos importantes, e é creativo.	Emprega apoio audiovisual que non achega información relevante ou non é creativo.	Emprega apoio audiovisual que se limita a ler ou proxectar, sen realizar unha exposición adecuada.	Apenas emprega apoio audiovisual ou carece del.

15.1.3. RÚBRICA DE EXPOSICIÓN CON FERRAMENTAS DIXITAIS

OBJECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	A presentación é creativa, amena e orixinal.	A presentación mostra certa creatividade e é amena.	A presentación está desenvolvida a partir dun equipo xa existente.	A presentación non é de autoría propia.
	2	A presentación cobre o tema con profundidade, mostrando un coñecemento profundo sobre el.	A presentación cobre o tema de forma adecuada, mostrando un coñecemento adecuado sobre el.	A presentación cobre o tema, pero só inclúe información esencial sobre el, mostrando certos erros na asimilación do contido.	A presentación apenas inclúe a información esencial do tema, mostrando erros ou carencias na asimilación do contido.
	3	O uso de imaxes e/ou vídeos é amplo e adecuado, axudando á comprensión do tema.	O uso de imaxes e/ou vídeos é correcto; algunhas imaxes axudan á comprensión do tema.	O uso de imaxes e/ou vídeos é limitado, e non achegan nada nin axudan á comprensión do tema.	Empréganse imaxes e/ou vídeos que acaparan a exposición do tema, pero non achegan nada ao traballo.
	4	A presentación ten un ou ningún erro ortográfico ou gramatical.	A presentación ten entre 2 e 4 erros ortográficos ou gramaticais.	A presentación ten entre 5 e 7 erros ortográficos ou gramaticais.	A presentación ten 8 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
ORGANIZACIÓN	5	A presentación inclúe portada (que introduce o tema e aos autores) e un índice, e remata cunha diapositiva de conclusións e unha de agradecemento que ademais invita a realizar preguntas.	A presentación inclúe unha portada e remata cunha diapositiva de conclusións e unha de agradecemento que ademais invita a realizar preguntas, pero carece de índice.	A presentación inclúe unha portada e un índice, e remata cunha diapositiva de conclusións e unha de agradecemento, pero non invita a facer preguntas.	A presentación inclúe unha portada, pero non un índice, nin conclusións, nin invita a facer preguntas.
	6	A presentación mostra unha orde lóxica na exposición do contido: é doado de seguir.	A presentación está bastante organizada; algunha idea ou transparencia parece fóra de lugar, pero en xeral é doada de seguir.	A presentación é un pouco difícil de seguir; algunhas ideas ou transparencias parecen fóra de lugar.	As ideas parecen estar ordenadas ao azar, con ideas e transparencias totalmente fóra de lugar. Tamén pode tratarse dunha copia doutra presentación.
	7	A carga de traballo está dividida equitativamente e é compartida por todos os membros do grupo.	A carga de traballo está dividida equitativamente, pero non é compartida por todos os membros do grupo.	Unha ou dúas persoas do grupo non realizaron a súa parte do traballo.	Máis de dúas persoas do grupo non realizaron a súa parte do traballo.

NOTA: Esta rúbrica pódese empregar en autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación.



15.1.4. RÚBRICA DE TRABALLOS ESCRITOS

OBJECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo está ben definido e trátase de forma adecuada.	O tema está definido parcialmente, pero trátase de forma adecuada.	O tema está ben definido, pero déixanse puntos importantes sen tratar.	O tema está definido parcialmente e a información sobre el é escasa.
	2	O texto mostra que o coñecemento acerca do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento acerca do tema parece ser bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros e carencias na asimilación do contido.
	3	O uso de imaxes e infografías é amplo e adecuado.	O uso de imaxes e infografías é correcto.	O uso de imaxes e infografías é limitado, pero adecuado.	O uso de imaxes e infografías non chega nada ao traballo.
	4	O traballo ten un ou ningún erro ortográfico ou gramatical.	O traballo ten entre 2 e 4 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 5 e 7 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 8 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
	5	A presentación do traballo é esmerada e coidada.	A presentación do traballo é adecuada.	A presentación do traballo é algo pobre.	Descoidouse a presentación do traballo.
ORGANIZACIÓN	6	A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, e é seguida por un índice.	A portada só indica o tema obxecto do traballo, e é seguida por un índice.	A portada introduce o tema obxecto do traballo e os autores, pero carece de índice.	A portada non introduce o tema obxecto do traballo ou aos autores, e carece de índice.
	7	O contido do traballo está ben estruturado; unha idea segue a outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É doado de ler.	O traballo está bastante organizado; aínda que algunha idea parece fóra de lugar, as transicións entre o resto de ideas son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, facilitando a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir; algunhas ideas parecen fóra de lugar ou empregáronse mal as transicións entre elas, e non se mantén a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordenadas ao azar, con algunhas totalmente fóra de lugar. Ademais, non se mantén o formato; custa lelo.
	8	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións propias.	O final do traballo inclúe unha reflexión.	O final do traballo inclúe conclusións, pero ningunha reflexión.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, ou si as inclúe, pero parecen copiadas doutra fonte.

NOTA: Esta rúbrica pódese empregar en autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación.

### 15.2.1. FERNÁNDEZ LÓPEZ, LIDIA (1º ESO)

#### OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua oral en función das diferentes intencións e necesidades comunicativas, respectando as opinións alleas.
- escoitar e comprender contos e textos sinxelos, orais e escritos, distinguindo os elementos principais e aplicar ditos elementos para a produción das propias mensaxes.
- Ler textos sinxelos de forma comprensiva. Utilizar a lectura como fonte de pracer e medio de información e de comprensión.
- Escribir comprensivamente textos sinxelos e curtos. Producir mensaxes progresivamente máis complexas en relación coa vida cotiá.
- Recitar poemas sinxelos, adiviñas e trabalinguas.
- Conseguir unha correcta estruturación da frase e da oración simple na linguaxe oral e escrita. Construír frases afirmativas e negativas. Localizar suxeito e predicado.
- Identificar as estruturas lingüísticas e realizar a concordancia. Substantivos, verbos, adxectivos.
- Ler e escribir correctamente o vocabulario coñecido e aprender vocabulario referente ás novas unidades.
- Respectar e aplicar as normas ortográficas de sons, sílabas, separación de palabras... Usar debidamente os signos de puntuación traballados.
- Manter a curiosidade por ler e entender textos en distintos soportes da linguaxe escrita: contos, revistas, etc.
- Adquirir hábitos de limpeza e orde na realización dos traballos e co material que usa.

#### CONTIDOS

##### Conceptos

- Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos...).
- Lectura en silencio e en voz alta de distintos tipos de texto.
- Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe, información e lecer.
- Produción de textos sinxelos e coherentes para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras: substantivos, verbos, adxectivos...
- Invención de diálogos sinxelos.
- Lectura comprensiva e de pracer.
- Vocabulario: sinónimos e antónimos. Familias de palabras.
- Aumentativos, diminutivos e despectivos.
- Ortografía: utilización das regras básicas.
- Realización de ditados.
- Ordenación de palabras en oracións.
- Localización do suxeito e do predicado.
- Verbos: terminacións e tempos verbais (presente, pasado e futuro).

##### Procedementos

- Interpretación do significado de xestos e símbolos reflectidos en imaxes.
- Discriminación dos sons.
- Ordenar viñetas e describilas.
- Realización de lectura e escritura de oracións e textos curtos.
- Produción de textos escritos sinxelos.
- Discriminación fonética de palabras que conteñan a mesma sílaba inicial ou final. Adiviñas, trabalinguas e poemas.
- Identificación e aplicación das normas ortográficas coñecidas en textos curtos.

- Construción de oracións sinxelas.
- Resolución de labirintos, sopas de letras.

### Actitudes

- Participar en diálogos e actividades de grupo, respectando as normas elaboradas entre todos.
- Valoración da claridade e da orde nos traballos.
- Respetto polas normas de interacción verbal nas situacións de comunicación oral.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

---

- Atende con interese e escoita cando falan os demais. Respecta a quenda das intervencións orais e participa delas.
- Resolve adiviñas, sopas de letras...
- Responde as preguntas sobre a idea fundamental da lectura. Identifica algunha idea secundaria.
- Inventa pequenos diálogos.
- Redacta descrições de persoas.
- Adecúa o vocabulario e a estrutura do texto na súa expresión.
- Le textos de xeito expresivo e comprensivo.
- Utiliza palabras sinónimas, antónimas e familias léxicas.
- Forma aumentativos, diminutivos e despectivos.
- Aplica as normas ortográficas de palabras traballadas.
- Iníciase na corrección de ditados.
- Localiza o suxeito e o predicado en oracións simples.
- Diferenza entre nomes comúns e nomes propios.
- Clasifica nomes segundo o xénero e o número.
- Fai a concordancia do adxectivo co nome ao que acompaña.
- Identifica a forma verbal na oración, así como o tempo (presente, pasado e futuro).
- Clasifica palabras segundo sexan agudas, graves e esdrúxulas.

### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

---

- Participa nas tarefas de aula, cooperando en situacións de aprendizaxe compartida.
- Utiliza o vocabulario axeitado para expresarse con progresiva precisións nos diferentes contextos de comunicación.
- Comprende de forma global a información xeral de textos orais.
- Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados).
- Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.
- Elabora textos orais breves e sinxelos.
- Le en silencio e en voz alta, e con certa expresividade, diferentes tipos de textos.
- Escribe textos sinxelos en diferentes soportes atendendo á forma de mensaxe e á intención comunicativa, respectando as normas ortográficas e gramaticais básicas, así como as de acentuación.
- Reproduce textos ditados.
- Utiliza con corrección os tempos verbais e relaciónaos coa expresión de pasado, presente e futuro.
- Coñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.
- Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita

## OBXECTIVOS

- Comprender textos escritos sinxelos de diversa tipoloxía –narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos-, captando as liñas xerais.
- Producir diferentes tipos de textos escritos de complexidade sinxela a partir de pautas e con axuda.
- Recoñecer e identificar as características e elementos dos textos narrativos e descritivos.
- Coñecer con axuda os principais procedementos de formación de palabras.
- Distinguir e clasificar con axuda as distintas clases de palabras así como coñecer algunhas das súas particularidades.
- Identificar o suxeito e predicado dunha oración.
- Comprender e distinguir con axuda as relacións semánticas de sinonimia, antonimia, polisemia e homonimia.
- Recoñecer con axuda as características esenciais dos distintos xéneros literarios.
- Elaborar un sinxelo esquema da historia da literatura galega.

## CONTIDOS

### 1ª avaliación

- A comunicación. Pedir información.
- A linguaxe e as linguas. Elaborar un cartel. Textos poéticos.
- A oración: suxeito e predicado. O punto. Comparar paisaxes.
- Sons e letras. A diérese. Textos poéticos. Escribir un texto a partir dunha ficha.
- A sílaba. A partición de palabras. Elaborar unha listaxe de recomendacións.

### 2ª avaliación

- Clases de sílabas. Signos de interrogación e admiración. O texto informativo.
- O substantivo. Elaborar un folleto informativo.
- O xénero dos substantivos. O texto informativo. Elaborar unha receita.
- O número dos substantivos. Escribir unha invitación.
- O artigo. As contraccións do artigo. Explicar un proceso.

### 3ª avaliación

- Os posesivos. Expresar preferencias.
- Os demostrativos. A coma. O texto teatral.
- O adxectivo. Dar indicacións.
- Os pronomes persoais. Describir un obxecto.
- O verbo. Os dous puntos. Elaborar un anuncio.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Comprende o concepto de comunicación e coñece as principais formas de comunicarse.
- Comprende o concepto de oración como conxunto de palabras ordenadas con sentido.
- Ordena sílabas para formar palabras.
- Coñece a variación de xénero e de número dos substantivos.
- Fai a concordancia de xénero e número entre o substantivo, o artigo e o adxectivo.
- Identifica o suxeito e o predicado e completa oracións con predicados apropiados.
- Utiliza o verbo en pasado, en presente e en futuro.
- Aplica as normas que ditan o uso da maiúscula inicial despois de punto e nos nomes propios.

- Coñece as funcións da coma, do punto, do signo de interrogación e do signo de admiración.
- Lembra e aplica correctamente as normas ortográficas básicas.
- Escribe as contraccións usuais de artigo e preposición.
- Identifica a palabra intrusa nun grupo de termos e lembra o vocabulario básico relacionado con diversos campos: xoguetes e xogos, animais, plantas, pezas de roupa...

## SISTEMA E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

---

Como se trata dunha alumna cunhas particularidades psicopedagóxicas específicas, a avaliación farase atendendo os seguintes aspectos:

- A atención e interese mostrados pola alumna diante das explicacións do profesor dentro da aula.
- A realización correcta e constante das diferentes actividades que lle sexan proporcionadas polo profesor para a súa realización.
- A custodia, entrega e presentación de todo o material traballado na aula ao final de cada trimestre e ao final do curso.
- A avaliación dos contidos levarase a cabo por medio da comprobación e corrección, ao final de cada trimestre, das diversas fichas de traballo que se lle entreguen periodicamente ao alumno para a súa realización, así como do caderno de traballo.

## OBXECTIVOS

- Utilizar a lingua oral en función das diferentes intencións e necesidades comunicativas, respectando as opinións alleas.
- escoitar e comprender contos e textos sinxelos, orais e escritos, distinguindo os elementos principais e aplicar ditos elementos para a produción das propias mensaxes.
- Ler textos sinxelos de forma comprensiva. Utilizar a lectura como fonte de pracer e medio de información e de comprensión.
- Escribir comprensivamente textos sinxelos e curtos. Producir mensaxes progresivamente máis complexas en relación coa vida cotiá.
- Recitar poemas sinxelos, adiviñas e trabalinguas.
- Conseguir unha correcta estruturación da frase e da oración simple na linguaxe oral e escrita. Construír frases afirmativas e negativas. Localizar suxeito e predicado.
- Identificar as estruturas lingüísticas e realizar a concordancia. Substantivos, verbos, adxectivos.
- Ler e escribir correctamente o vocabulario coñecido e aprender vocabulario referente ás novas unidades.
- Respetar e aplicar as normas ortográficas de sons, sílabas, separación de palabras... Usar debidamente os signos de puntuación traballados.
- Manter a curiosidade por ler e entender distintos soportes da linguaxe escrita: contos, revistas, etc.
- Adquirir hábitos de limpeza e orde na realización dos traballos e co material que usa.

## CONTIDOS

### Conceptos

- Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos...).
- Lectura en silencio e en voz alta de distintos tipos de texto.
- Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe, información e lecer.
- Produción de textos sinxelos e coherentes para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras: substantivos, verbos, adxectivos, determinantes e pronomes.
- Invención de diálogos sinxelos.
- Lectura comprensiva e de pracer.
- Vocabulario: sinónimos e antónimos. Familias de palabras.
- Aumentativos, diminutivos e despectivos.
- Ordenación alfabética.
- Ortografía: utilización das regras básicas. Regras de acentuación. Signos de puntuación.
- Realización de ditados.
- Ordenación de palabras en oracións.
- Localización do suxeito e do predicado.
- Oracións afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas.
- Verbos: terminacións e tempos verbais (presente, pasado e futuro).

### Procedementos

- Interpretación do significado de xestos e símbolos reflectidos en imaxes.
- Discriminación dos sons.
- Ordenar viñetas e describilas.
- Realización de lectura e escritura de oracións e textos curtos.
- Produción de textos escritos sinxelos.
- Discriminación fonética de palabras que conteñan a mesma sílaba inicial ou final. Adiviñas, trabalinguas e poemas.
- Identificación e aplicación das normas ortográficas coñecidas en textos curtos.
- Construción de oracións sinxelas.
- Resolución de labirintos, sopas de letras.

## Actitudes

- Participar en diálogos e actividades de grupo, respectando as normas elaboradas entre todos.
- Valoración da claridade e da orde nos traballos.
- Respeto polas normas de interacción verbal nas situacións de comunicación oral.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

---

- Atende con interese e escoita cando falan os demais. Respeita a quenda das intervencións orais e participa delas.
- Resolve adiviñas, sopas de letras...
- Responde as preguntas sobre a idea fundamental da lectura. Identifica algunha idea secundaria.
- Inventa pequenos diálogos.
- Redacta descrições de persoas.
- Adecúa o vocabulario e a estrutura do texto na súa expresión.
- Le textos de xeito expresivo e comprensivo.
- Utiliza palabras sinónimas, antónimas e familias léxicas.
- Forma aumentativos, diminutivos e despectivos.
- Aplica as normas ortográficas de palabras traballadas.
- Iníciase na corrección de ditados.
- Localiza o suxeito e o predicado en oracións simples.
- Diferenza entre nomes comúns e nomes propios.
- Clasifica nomes segundo o xénero e o número.
- Utiliza os determinantes.
- Emprega oracións afirmativas, negativas, interrogativas e exclamativas.
- Fai a concordancia do adxectivo co nome ao que acompaña.
- Distingue os pronomes persoais en oracións.
- Identifica a forma verbal na oración, así como o tempo (presente, pasado e futuro).
- Clasifica palabras segundo sexan agudas, graves e esdrúxulas.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

---

- Expresa ideas, pensamentos, opinións e sentimentos con certa claridade.
- Participa nas tarefas de aula, cooperando en situacións de aprendizaxe compartida.
- Utiliza o vocabulario axeitado para expresarse con progresiva precisións nos diferentes contextos de comunicación.
- Comprende de forma global a información xeral de textos orais, identifica o tema e selecciona as ideas principais.
- Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
- Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.
- Elabora textos orais breves e sinxelos.
- Le en silencio e en voz alta, e con certa expresividade, diferentes tipos de textos.
- Emprega o dicionario de xeito autónomo.
- Escribe textos sinxelos en diferentes soportes atendendo á forma de mensaxe e á intención comunicativa, respectando as normas ortográficas e gramaticais básicas, así como as de acentuación.
- Reproduce textos ditados.
- Utiliza con corrección os tempos verbais e relaciónaos coa expresión de pasado, presente e futuro.
- Coñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.
- Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita.
- Crea sinxelos textos literarios.